

Ola, nenas e nenos de 6º!!

Esta semana imos levala con calma para aprender a nos organizar mellor neste trimestre tendo en conta que desde hoxe temos unha nova ferramenta: O blog de 6º. Intentaremos establecer unhas rutinas escolares diarias para non perder os nosos hábitos de traballo.


Hoxe tedes colgadas as solucións ás tarefas das que vos falamos o venres a través de abalar. Se as tedes rematadas, procedede a súa corrección e se aínda vos falta algunha aproveitade esta semana para rematala e poder corríxila. As que tedes que enviar ao correo das titoras podeades ir facéndo segundo as teñades listas. Se alguén non nolas pode enviar, que as garde para entregárnolas cando poidamos volver ao cole. Todo o traballo que fagades tedes que gardalo.

A rutina desta semana (20 ao 24 de abril) será:

- Corrixir as tarefas da semana anterior (solucións no blog <https://asintrepidias31.blogspot.com/>).
- **Aventuras de la mano negra“La casa misteriosa” (Ler desde a páxina 22 á 38)** e completar a ficha sobre o lido anteriormente. Podeades tamén decorar pinzas da roupa con distintas cores e materiais que teñades por casa para utilizar como clips e suxeitar as fichas que estades a facer separando por asignaturas , carpetillas con caixas desmontadas ou calquera outra manualidade que sirva para tal fin. Deixámosvos un exemplo (só necesidade pinzas, pegamento e un anaquiño de cartón). Se queredes, podeades sacar una foto do voso traballo final e enviárnolo ao correo para facer una montaxe con todos os traballos recibidos. Sede orixinais, xa veredes qué video máis chulo nos queda e así poderemos colgalo no blog.
- O venres colgaremos no blog a corrección das tarefas de matemáticas que vos mandamos na segunda semana de confinamento, aquela que era un repaso bastante completo, lembrades? Mcm, mcd, problemas, cálculo, porcentaxes.... É necesario facelo para afianzar eses contidos e poder resolver as dúbidas que teñades. Supoñemos que xa as tedes feitas xa que eran para facer antes das vacacións de Semana Santa. Se vos queda algún exercicio por rematar, aproveitade esta semana.

- O venres pola tarde publicaremos o planning para a semana do 27 ao 30 e rematar abril!!
- Entrade de cando en vez na caixa de xogos e na arca da Marga para desconectar e gozar coa proposta de xogos que vos prepara a profe de música. Son actividades lúdicas que podedes facer en familia.
- Todo o traballo de Inglés aparecerá na páxina web do colexio no apartado de L. Inglesa. As solucións aparecerán colgadas no blog de 6º. Para a corrección do traballo realizado a dirección de correo electrónico é:

englishclassophia@gmail.com



Ante calquera dúbida que se vos presente, contactade cos profes. Tedes o mail de todos. Seguimos aquí!!

Biquiños mil.